

IN RESTLESS DREAMS: THE MUSIC OF PAUL SIMON

1319

Alex Gibney, 2023

ESTREA EN NUMAX: 28.06.2024 | V.O.S.E. | TP | 209 min

Paul Simon visita o estudio de gravación do seu novo álbum, "Seven Psalms" e repasa as súas seis décadas de carreira con innumerables cumios musicais, desde "Sounds of Silence" até "Graceland".

«Paga a pena cada minuto. O filme
capa a impresionante influencia da
arte de Paul Simon»

Owen Gleiberman, VARIETY



IN RESTLESS DREAMS: THE MUSIC OF PAUL SIMON

Alex Gibney, 2023

Todo está na música

Por Tim Grierson

In Restless Dreams: The Music of Paul Simon ofrece un xeneroso percorrido de tres horas e media a través dos períodos creativos máis memorables e as melodías inesquecibles do compositor. Empregando a creación do álbum máis recente de Simon, *Seven Psalms*, como columna vertebral narrativa, o director Alex Gibney bosquexa os máis de 60 anos de historia creativa dun músico que sempre estivo aberto a explorar novos camiños.

Simon, que agora vive en Wimberly, Texas, coa súa esposa Edie Brickwell, é gravado en 2021 traballando no seu álbum máis meditativo e espiritual. Gibney vai trazando o progreso do compositor no disco mentres relata a carreira de Simon desde os seus míticos traballos co seu amigo da infancia, Art Garfunkel, até os seus discos en solitario. Simon, de 82 anos, fala de vagar e a súa melodiosa voz non é tan forte como soía. Aínda que apenas se fala da morte no filme, a intensidade do paso do tempo é evidente cando se nos xustapoñen imaxes do mozo Simon a falar con Garfunkel e o ancián que fala por teléfono sobre os seus problemas de saúde. Pero Gibney prefire centrarse nas achegas culturais que Simon ofreceu cos seus himnos folk e pop que definen unha xeración.

O montador Andy Grieve fainos saltar dunha época a outra, con especial atención a temas como “The Sound of Silence” ou “Bridge Over Troubled Water”. Para ben ou para mal, o documental négase a impoñer un fío condutor emocional á historia de Simon ou a ofrecer unha teoría definitiva sobre a súa arte. Gibney pasa a un segundo plano, atraendo os espectadores con clips nunca antes vistos de Simon e Garfunkel no estudio ou con reflexións de Simon sobre como levar ao seu terreo músicas como o reggae, o mbaqanga ou o zydeco.

Debido a que Paul Simon non é especialmente comunicativo, non debemos agardar revelacións importantes. Si que se mostra aínda irritable con Garfunkel á hora de rememorar a súa ruptura e tamén se expresa con claridade sobre a polémica con “Graceland”, acusada no seu momento de violar o boicote cultural das Nacións Unidas a Sudáfrica na era do apartheid.

E se ben o filme deixa espazo para discutir algúns dos erros de Simon, incluído o seu fallido matrimonio con Carrie Fisher ou o seu debut como director en *One-Trick Pony*, en 1980, os fanáticos poden sentirse decepcionados con que o documental se deteña en “The Rhythm of the Saints”, ignorando o fascinante musical “The Capeman”, de 1998, que abre a Simon a unha continua experimentación sonora nas seguintes décadas.

Noutras palabras, nos seus 209 minutos, *In Restless Dreams* podería ter sido aínda máis longo e completo. Pero o documental remata onde comezou, con Simon traballando en “Seven Psalms”, un álbum meditativo que se bate coas grandes preguntas sobre a vida, a morte ou a existencia de Deus. Simon se non se abre en exceso na película de Gibney pero se cadra non é necesario: todo está aí na música.